# ODIO

Coñézoa de toda a vida. A cotío cruzámonos sen vermos nin falarmos.
Mírame sen verme, obsérvame criticamente sen nunca mirarme aos ollos. A súa mirada sempre se pousa na miña roupa, no meu cabelo, no meu rostro. Para ela é todo apariencia superficial.
Non soporto máis, sei que está alí. Saio ao seu encontro e deteñome enfronte dela.
Míroa aos ollos e sorri cinicamente. Sostéñolle a mirada e o seu rostro reflicte odio.
Sen pensalo, lánzolle unha puñada á cara e, o espello, rompe en mil anacos.